

RESOLUCIÓN DE 5 DE MARZO DE 2015, DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE MODIFICA A NORMATIVA SOBRE ANTICIPOS REINTEGRABLES AO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL

De conformidade co establecido na resolución reitoral do 7 de maio de 2014 (DOG do 13 de maio), de delegación de competencias, e trala xuntanza da Comisión de Acción Social de 4 de marzo de 2015, dítese resolución sobre anticipos reintegrables.

1º ÁMBITO SUBXECTIVO

Terán dereito á percepción de anticipos reintegrables o Persoal de Administracións e Servizos e Persoal Docente e Investigador da Universidade, previa solicitude razoada.

A tal efecto a Universidade, consignara no Orzamento de gastos do ano 2013 e seguintes, Cap. VIII Partida 831 Prestamos a Longo Prazo a cantidade de 120.000 €, que terá a consideración de partida ampliable.

2º CONTÍA DOS ANTICIPOS E PRAZOS DE DEVOLUCIÓN

Persoal con relación de carácter fixo: Concederanse anticipos reintegrables por importe máximo de 3.000 € e un prazo de amortización de 24 meses contados a partires do mes seguinte á data de concesión e en cantidades do mesmo importe. O/a solicitante poderá solicitar a concesión dun prazo de carencia na devolución de ata seis meses.

Persoal con relación de carácter temporal: Observaranse as seguintes limitacións respecto da determinación de contía e cómputo de prazos de devolución de anticipo:

- Os prazos de reintegro, incluído o prazo de carencia se fora solicitado, non excederán do período de duración dos contratos ou de duración previsible do nomeamento e a contía non poderá superar o importe dunha mensalidade íntegra das retribucións.

Procedemento de concesión: O importe das cotas de devolución dos anticipos reintegraranse na aplicación orzamentaria de gastos para permitir a concesión novos anticipos.

As solicitudes presentaranse mediante instancia dirixida á Xerencia, que xestionará os créditos destinados a anticipos, do que se informará á Comisión de Acción Social.

A concesión de anticipos, no caso de que o número de solicitudes excederá as posibilidades de financiación por parte da universidade, realizarase segundo a seguinte orde de preferencia, atendendo á natureza da súa xustificación:

- a) Gastos derivados de obrigas de inevitable cumprimento e/ou relacionados coa Administración de Xustiza que non se derive de procedementos de embargo que teñan efectividade na nómina.
- b) Gastos extraordinarios de enfermidade non cubertos polos sistemas de previsión social.
- c) Gastos derivados da educación dos membros de unidade familiar.
- d) Gastos derivados da adquisición ou reparación da vivenda actual.
- e) Gastos producidos pola adquisición de aparellos para a vivenda.
- f) Calquera outro gasto non incluído nos números anteriores.

No suposto de insuficiencia financeira para atender todas as solicitudes será requisito indispensable para a concesión a previa xustificación documental da petición, a excepción daquelas que se realicen ao amparo do apartado f).

No caso de igualdade entre as solicitudes, e a falla de crédito suficiente para atendelas na súa totalidade, terase en conta o feito de non ter aproveitado con anterioridade dun anticipo reintegrable, ou no caso de igualdade tamén sobre este punto o que o aproveitara máis distante no tempo.

O prazo de devolución, período de carencia, así como a contía será determinado, dentro dos límites establecidos nesta resolución, polo/a solicitante na instancia de solicitude, someténdose con elo ó desconto correspondente que se realizará pola Sección de Nóminas e Seguros Sociais ó tempo de aboarlles os seus haberes.

Non obstante, os beneficiarios de anticipos reintegrables que causen baixa médica, ou por calquera outro motivo, que non se lle poida reter a cantidade a devolver durante o período que dure esta, poderán facer o ingreso da cantidade mensual de devolución na conta corrente que se lle indique dende o servizo de retribucións da Universidade de Vigo. As cantidades que non puideron ser retidas polas causas salientadas anteriormente e, no seu caso, non devoltas durante o período de ausencia, sumaránselles ás mensualidades pendentes de pagamento, non superando o período máximo estipulado para a total devolución. O anterior será igualmente de aplicación ao persoal eventual agás no caso que a duración do contrato non o permita.

Poderase concederse un anticipo ó empregado que fora beneficiario doutro anterior, e aínda non cancelado, pola diferenza entre a cantidade máxima prevista como anticipo reintegrable e a cantidade que reste por reintegrar.

3º ENTRADA EN VIGOR

A presente resolución entrará en vigor o día 6 de marzo de 2015, e deixa sen efecto as resolucións xerenciais sobre anticipos reintegrables do 28 de decembro de 2002 e 28 de decembro de 2012 dirixidas ao Persoal de Administración e ao Persoal Docente e Investigador.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O persoal que no momento de entrada en vigor do disposto nesta resolución atópese disfrutando dun anticipo reintegrable poderá solicitar a aplicación do periodo de carencia segundo do disposto para os anticipos reintegrables de nova concesión.

VIGO, 5 de marzo de 2015

O XERENTE



Manuel Fernández Jauregui

**XEFA DO SERVIZO DE RETRIBUCIÓNS E SEGUROS SOCIAIS
XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**

